

HOMILÍA

CLAUSURA ANO XUBILAR ROMANO 2025

QUERIDOS IRMÁNS,

Atopámonos reunidos aquí como fieis cristiáns, provenientes de moitos lugares da nosa diocese de Lugo, no día da Sagrada Familia, convocados polo Santo Padre, o papa León XIV, a celebrar xuntos a clausura do Ano Xubilar Romano de 2025.

Conclúe así un evento no que celebramos de forma singular o nacemento do Fillo de Deus, como inicio do tempo novo da graza, no que se nos concede o perdón das nosas débedas, a reconciliación con Deus e cos irmáns, e a paz verdadeira.

O amor do Pai fíxoo, que enviou ao seu Fillo ao mundo, non para condenalo, senón para salvalo; e o amor do Fillo, de Xesús, manifesto na tenrura do Nadal e que chegará ata o sacrificio de si mesmo, a fin de ser para todos xa desde agora o camiño da verdade e da vida. O amor fíxoo e a misericordia, a caridade infinita do Pai e do Fillo, o alento e o lume do seu Espírito.

Somos partícipes desta historia de salvación, iniciada hai 2025 anos co nacemento do Señor Xesús; porque así quixo Deus cumprir as súas promesas e levar a cabo o seu designio de paz e non de aflicción. O Ano Xubilar lembrounos que as débedas están pagas, que veu o noso Redentor, que xa non estamos sos ou abandonados, senón chamados a camiñar sempre xuntos, como membros do seu Pobo.

O Espírito Santo axúdanos a entender este misterio divino de amor, revelado plenamente en Xesús; fainos sentir amados e perdoados, cunha indulxencia sen límite; aléntanos e guía para vivir como protagonistas, cada un, nesta gran historia de amor e salvación manifestada en Belén e que é a esperanza do mundo.

Hoxe clausuramos aquí o Xubileu romano, na festa litúrxica da Sagrada Familia, que se nos presenta como unha indicación para o camiño. Ao contemplala, sentímola como algo propio, como o inicio e o rostro plenamente humano da historia en que nos atopamos hoxe. Sabemos de quen somos, rescatados e abrazados polo Señor Xesús, feitos fillos con El do verdadeiro e eterno Pai, tendo con El a María como Nai, para vivir reconciliados unha fraternidade verdadeira, que supera o pecado, coas súas consecuencias daniñas de odio e división.

Todas as parroquias da nosa Diocese son presenza deste Pobo de Deus en Lugo. En todas, as nosas familias desde antigo e hoxe nós participamos desta esperanza inmensa, da pertenza a esta compañía boa na que atopamos perdón para os nosos pecados, consolo nos momentos escuros, fortaleza ante as dificultades e os retos; e sobre todo esperanza e luz para o camiño, unha palabra verdadeira que orienta a nosa conciencia e a maneira de afrontar a vida.

Non estamos sos. O noso horizonte non é a tristeza, as dúbidas sen fin de quen non sabe onde vai, o desconsolo dunha vida en loita constante uns contra outros. Formamos parte dunha Familia Sagrada, revelada en Belén e xa universal, que se estendeu á nosa terra, ás nosas comunidades, parroquias e santuarios. Botou raíces entre nós hai moitos séculos e converteuse no noso patrimonio. Conformou a comprensión do mundo e de Deus, a forma das relacións persoais, como familias e como pobo; sustentou a nosa esperanza nesta vida e tamén ante a morte; fíxose a nosa cultura.

O Xubileu, neste sentido, foi como unha chamada para volver á nosa casa e á nosa tradición, e a renova-la; pero lembrándonos que isto só se pode facer desde o corazón, coa fe e a esperanza recuperada da propia persoa, certos do ben e da verdade que nos veñen do Señor, que salva ao mundo e a cada un de nós.

O ano 2025 termina, pero non a misericordia e a graza, a historia vivida en comunión co Señor Xesús. O que naceu en Belén, morreu na cruz e resucitou, permanece connosco todos os días, ata o fin do mundo. Acompáñanos como Cabeza da súa Igrexa, coa súa Palabra e as seus sacramentos, como Bo Pastor. A súa presenza é real de modo singular na Santísima Eucaristía, como celebramos especialmente na nosa Diocese e nesta Catedral.

Hoxe, ante a exposición permanente de Xesús Sacramentado no noso Altar maior, lembramos que temos tamén o privilexio dunha indulxencia plenaria cotiá e perpetua, de poder recibir a mesma graza extraordinaria que nos ofreceu o Ano Santo, en Roma e nos nosos santuarios.

Aquí profesamos firmemente que a Santísima Eucaristía é o centro da nosa fe cristiá. Sabemos que cando celebramos xuntos a Santa Misa, nas circunstancias máis cotiás e no templo máis humilde, está realmente presente connosco o Señor Xesús, con todas as riquezas do seu amor e da súa graza. Facemos memoria da súa historia, que culmina na resurrección, e é xa tamén a nosa; camiñamos á luz da súa palabra, rezamos como El nos ensinou, participamos do sacrificio na cruz como o feito decisivo da súa vida, como a forma que toma o amor que quita o pecado e leva ata Deus. E así vivimos en comunión con El e en comunión cos nosos irmáns, nunha unidade reconciliada.

Demos testemuño da nosa fe e a nosa esperanza. Que a nosa presenza, nas nosas parroquias, sexa a dunha casa de portas abertas, rexida pola caridade, que anuncie a todos a posibilidade da reconciliación e o perdón dos pecados, dunha amizade nova, por obra do Redentor, do amor de Deus. Demos testemuño da dignidade de fillos que recibimos, que todos necesitamos lembrar e en primeiro lugar os máis pobres, abandonados e descartados. Coidemos ao débil e necesitado, defendamos a xustiza e o dereito; para que non se impoña a lei do máis forte, a arrogancia e a mentira. Abramos camiños de paz.

O Xubileu lembrounos que vivimos nun tempo de graza, de reconciliación e de paz. Este testemuño, a presenza deste Pobo nado pola Encarnación do Fillo de Deus hai 2025 anos, é urxente no noso mundo, que, esquecida moitas veces a fe dos seus maiores, parece privilexiar estratexias de división e de guerra. Pero é imprescindible tamén para o noso camiño persoal na vida, para a felicidade e a salvación de cada un.

Que San Xosé e a Santísima Virxe María intercedan por nós, para que vivamos como membros desta gran familia cristiá; para que sexamos no mundo un fogar aberto e acolledor, testemuñas da misericordia divina, construtores de paz no noso tempo.

+ Alfonso,
Bispo de Lugo